

ENTROIDO 2025 PANTÓN

Pantón celebra o **ENTROIDO 2025** e convida ós actos programados para o **día 8 de marzo**.

Un **DESFILE E CONCURSO DE DISFRACES** que sairá das inmediacións do Colexio Monte Baliño, ás **16.00 horas** e percorrerá as rúas do pobo para chegar a Praza do Concello, onde haberá chocolatada-baile.



PREMIOS DE COMPARSAS DE ADULTOS POR CATEGORÍAS

A: Grupos de 10 ou máis compoñentes: 300€, 200€ e 150€.

B: Grupos entre 5 e 9 compoñentes: 150€, 125€ e 100€

C: Grupos entre 1 e 4 compoñentes: 100€, 75€ e 50€

PREMIOS DE COMPARSAS INFANTÍS POR CATEGORÍAS

A: Grupos de 10 ou máis compoñentes: 180€, 160€ e 150€

B: Grupos entre 5 e 9 compoñentes: 100€, 75€ e 50€

C: Grupos entre 1 e 4 compoñentes: 50€, 40€ e 20€

DESFILE: Os participantes deberán presentarse o **sábado, día 8, ás 15.30h. na rúa que está enriba do CEIP Monte Baliño de Ferreira.**

INSCRICIÓN PRESENCIAIS E RECOLLIDA DE NÚMERO: Deica o venres 7 de marzo ás 12:00 horas. no 2º piso do Edif. Sociocultural.

Unha vez coñecidos os gañadores os premiados recibirán o importe dos premios en efectivo. No caso de menores de idade o devandito importe terá que ser entregado ó pai, nai ou titor. En ámbolos casos imprescindible aportar, DNI., dirección e número de teléfono. Os datos de carácter persoal serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, sendo responsable o Concello de Pantón.

O xurado estará composto **por cinco representantes elixidos por sorteo entre as comparsas de máis de 10 participantes, e unha persoa allea ás mesmas que exercerá o voto de calidade en caso de empate.** Premiarase o vestuario e maquillaxe, elaboración do disfraz, a posta en escea e a música, podendo, o xurado, deixar deserto algún dos premios ou conceder algún accésit se o considerase oportuno .

Tódalas comparsas de máis de 10 compoñentes, teñen asegurados 80€, non acumulables a outro premio.

Haberá unha axuda adicional de 50€ para tódolos grupos que inclúan na súa comparsa unha carroza, entendéndose por tal un armazón metálico ou de madeira elaborado e decorado.

INFORMACIÓN TELEFÓNICA: 982456377 / 982456279. **BASES:** Web: concellodepanton.es /
Twitter: [@concellopanton/](https://twitter.com/concellopanton/) Instagram: [concellopanton](https://www.instagram.com/concellopanton/) / [facebook.com/ConcelloPanton](https://www.facebook.com/ConcelloPanton)

